

ACTA DA 4ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE NOVIEMBRE DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP, NO CONCELLO DA ESTRADA.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:45 horas do día 20 de novembro de 2017, reúnen-se os integrantes da Mesa de Contratación para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do subministro de EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP, NO CONCELLO DA ESTRADA, que se relacionan a continuación:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde en funcións D. Juan M. Constenla Carbón.

VOGAIS:

-Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal.
-Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal
-D. José Ismael Pena Villamor, concelleiro delegado de Deportes.
-D. David Carballo Calvelo, Técnico de Deportes Municipal
-D. Manuel Fernández Cerdeira en representación do PS de G-PSOE
-Dna. Mar Blanco Casais, representante de MOVETE
Non asisten: D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal e D. Xosé Magariños Maceiras en representación do BNG.
-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Sr. Presidente ponse en coñecemento da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión que tivo lugar o día 6 de novembro, na que se deu a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor e posteriormente á apertura do sobre B (oferta), considerouse desproporcionada a presentada pola empresa MANTÉN S.L., no referente á redución do prazo de entrega con respecto á media das demais ofertas, polo que se lle notificou esta circunstancia ao licitador concedéndolle un prazo de cinco días naturais para que xustificase de xeito motivado dita oferta e precisase as condicións da mesma.

Por parte da empresa MANTÉN S.L., dentro do prazo concedido, presenta a indicada xustificación pasándoselle a mesma ao técnico de deportes e vogal desta Mesa para que emitise informe ao respecto.

Polo Técnico de Deportes emite con data 14 de novembro de 2017, un informe do que procede a dar lectura neste intre e que contén a valoración e conclusión que a continuación se transcribe:

*** Valoración:**

Examinada a documentación presentada pola empresa "Manten, S.L.", para xustificar a redución de prazo de entrega do subministro, procédese á valoración de dita xustificación.

A empresa "Manten, S.L.", desglosa o prazo de entrega ofertado 7 (SETE) días da seguinte forma: 3 (TRES) días para a colocación do pavimento, 3 (TRES) días para o subministro do equipamento/montaxe das máquinas e 1(UN) día de marxe para imprevistos e/ou remates finais para garantir o prazo do subministro e instalación dos bens obxecto do contrato, en tempo e forma.

A empresa "Manten, S.L.", afirma co material ofertado está dentro do seu stock, nas instalacións do almacén principal da empresa en Vigo, polo que a proximidade o Concello da Estrada reduce os tempos de transporte.

A empresa "Manten, S.L.", afirma que teñen acordos con outros fabricantes de equipamento e pavimentos deportivos que garanten estas mesmas condicións de dispoñibilidade inmediata (Anexo I da xustificación).

A empresa "Manten, S.L.", afirma tamén que disporá de todos os medios técnicos e humanos precisos para efectuar o subministro e o mantemento da maquinaria obxecto da súa oferta, con persoal suficiente e especializado para levar a cabo as tarefas de organización, montaxe e loxística, supervisada por xefe de operacións e enxeñeiro industrial.

*** Conclusión:**

Por todo o dito con anterioridade, considero que a argumentación da empresa "Manten, S.L.", para xustificar a redución do prazo de entrega do subministro do equipamento ofertado, pode axustarse a realidade da obra a acometer, sempre e cando cumpran rigurosamente as consideracións que presentan e se resumen neste informe, basándose nas solucións técnicas a adoptar e nos medios técnicos e materiais."

A Mesa está conforme co informe emitido polo técnico de deportes municipal e acorda por unanimidade considerar xustificada a redución do prazo de entrega do subministro do equipamento ofertado, sempre e cando se cumpran rigurosamente coas consideracións que presenta a empresa na indicada xustificación.

De seguido procédese a calcular a puntuación obtida polos licitadores, polo que respecta ao sobre B, co seguinte resultado:

MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.:

		PUNTOS
Oferta económica:	95.775,74 euros (IVE incluído)	25,08
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	24 meses	3,33
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	non	0
Servizo post-venda	Si	20
TOTAL		48,41

BODYTONE S.L.

		PUNTOS
Oferta económica:	89.450,91 euros (IVE incluído)	26,86
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	12 meses	1,67
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	8 días	2,28
Servizo post-venda	Si	20
TOTAL		50,81

GRUPO CONTACT FITNESS S.L.

		PUNTOS

Oferta económica:	80.076,59 euros (IVE incluído)	30,00
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	72 meses	10,00
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	28 días	8
Servizo post-venda	Si	20
TOTAL		68,00

MANTÉN S.L.

		PUNTOS
Oferta económica:	81.977,50 euros (IVE incluído)	29,3
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	50 meses	6,94
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	35 días	10
Servizo post-venda	Si	20
TOTAL		66,24

Polo tanto as puntuacións totais (SOBRE C + SOBRE B), obtidas polas empresas licitadoras son as seguintes:

MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.:

OFERTA SOBRE B: 48,41 puntos.
OFERTA SOBRE C: 26 puntos
TOTAL.....**74,41 puntos.**

BODYTONE S.L.:

OFERTA SOBRE B: 50,81 puntos.
OFERTA SOBRE C: 25 puntos
TOTAL..... **75,81 puntos.**

GRUPO CONTACT FITNESS S.L.:

OFERTA SOBRE B: 68 puntos.
OFERTA SOBRE C: 22 puntos
TOTAL..... **90,00 puntos.**

MANTÉN S.L.:

OFERTA SOBRE B: 24 puntos.
OFERTA SOBRE C: 66,24 puntos
TOTAL..... **90,24 puntos.**

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación, a favor da empresa **MANTÉN S.L.**, por ser a que obtivo a maior puntuación. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a)A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b)Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c)Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d)Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Lexislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)